

**din din don
y más
hortensias azules**



luz nichel

DIN
DIN
DON
Y MÁS
HORTENSIAS AZUIS

Luz Pichel



Ilustraciones de Anxo Pastor

R-40.1851424

Ayuntamiento de Madrid

din din don
y más
hortensias azuis
Luz Pichel

Cartonera del escorpión azul, 5
Madrid, septiembre de 2021
Traducción al castellano
de *din din don* de la autora
Ilustraciones de Anxo Pastor
Caligrafía de Chilis Cubeiro
Depósito legal: M-2718-2021
ISSN: 2660-9665


Editado por el Comité Cartonero:
Enrique Cabezón, Miguel Fernández,
Javier Gil Martín, Víktor Gómez
y Raúl Nieto de la Torre

lacarteradelescorpionazul@gmail.com
carteradelescorpionazul.blogspot.com

Ayuntamiento de Madrid

GAL
PIC

DIN DIN DON



[...] pero ata nos contos hai quen vai deixando garabanzos para que os camiñantes cavilemos por onde hai que seguir.

Dixo unha poeta un día desde a súa cátedra: Do mundo en tódolos pobos / sempre contos soaron de crías / cunha carapuchiña recubríndoas vermella.

Os vieiros difíciles poñen na meixela dunha moza unha cor rosada coma a dunha (mira, un pelouro lisiño, brilla) coma a dunha rosa de cor rosada.

Non falabamos de fadas porque as nosas naiciñas cubríanse con carapuchas de palla de centeo.

Se vas a Compostela polo camiño do Norte e achegas a orella a unha lousa do empedrado has de sentir que resoan primitivas campás parisienses.

A linda Guadalupe esparexía abelorios brillantes na escuridade dos mundos.

[...] pero incluso en los cuentos hay quienes van soltando garbanzos para que los caminantes calculen por dónde seguir.

Un día dijo una poeta desde su cátedra: Del mundo en todos los pueblos / siempre historias sonaron de niñas / con su roja caperuza cubiertas.

Los caminos difíciles ponen en la mejilla de una chica un color rosado como el de una (mira, una piedra lisita, brilla) como el de una rosa de color rosado.

No hablábamos de hadas porque nuestras madres, pobres, se cubrían con capas de paja de centeno.

Si vas a Compostela por el Camino del Norte y acercas la oreja a una losa del empedrado, sentirás que resuenan primitivas campanas parisinas.

La linda Guadalupe iba dejando abalorios brillantes en la oscuridad de los mundos.

Un caxato un pauciño un ombreiro, todo o mundo precisa por veces apoiarse en algo aínda que crebe.

Non é certo que en tódalas aldeas teñamos avós contando fantasías porque nalgunhas as metralletas remataron a tódolos avós.

A Lupe gustáballe andar por camiños fragosos, dicía que lle enchían a cabeza de abraios.

Hai quen di que é ben camiñar de costas de vez en cando porque iso axuda a robustecer as vértebras.

A vida síntese (un pardal, cantando), a vida síntese con máis forza subindo aos montes por camiños de cabras.

Costa arriba, ela turraba de min para que non cansase como agora canso.

As pedras dos camiños teñen memoria e saben, e cerran os ollíños para mellor lembrar.

Non as avoas morreron na batalla / mais de negro percal revestidas e ao lombo os sachos / foron sen gana quedando de fabular e rezaban e rezaban.

Ás veces un vieiro que parecía doado de andar tórnase unha congostra.

Se as campás soan *din din don* iso e o sinal de que unha muller morreu.

Un bastón un palito un hombro, todo el mundo necesita a veces apoyarse en algo aunque se quiebre.

No es cierto que en todas las aldeas tengamos abuelos contando fantasías porque en algunas las metralletas se cargaron a todos los abuelos.

A Lupe le gustaba caminar por caminos difíciles, decía que le llenaban la cabeza de asombros.

Hay quien opina que es bueno andar de espaldas de vez en cuando porque eso ayuda a robustecer las vértebras.

La vida se siente (un gorrión, cantando), se siente con más fuerza subiendo los montes por caminos de cabras.

En las cuestas, ella tiraba de mí para que no me cansara como ahora me canso.

Las piedras de los caminos tienen memoria y saben, y entornan los ojitos para recordar.

No las abuelas en una batalla se murieron / pero en negro percal revestidas y al hombro el sachó / sin ganas se habían quedado de fabular y rezaban y rezaban.

A veces una senda que parecía fácil se transforma en barranco.

Si las campanas suenan *din din don*, eso es señal de que una mujer ha muerto.

Nomes de albergues ao longo da viaxe frechas encrucilladas, herdei do meu pai o respecto á Historia e o conto dunha vaca tan linda tan rubia tan doce tan que alimentaba soíña unha aldea enteira.

Os meus veciños, cando vén o bo tempo e os días van sendo máis longos, xúntanse todos e saen con sombreiros e desbrozadoras.

Cantas maneiras hai de poñer o corpo a pensar?

E cantos paxaros haberá (nubes, alá, colaxe de figuras) ao longo do camiño de carros que vai desde o Alto da Pena ata Ponte Taboada?

Unha cántara de rosas / levarlle hei salvaxes / acugulada / o día que todo isto remate, e de paso a ver se xa dou falado un pouquiño con ela.

Este é o tempo do enmudecemento desconsolado.

Nombres de albergues a lo largo del viaje flechas encrucijadas, heredé de mi padre el respeto a la Historia y el cuento de una vaca tan bonita tan rubia tan dulce tan que alimentaba ella sola a una aldea entera.

Mis vecinos, cuando viene el buen tiempo y los días van siendo más largos, se reúnen y salen con sombreros y desbrozadoras.

¿De cuántas maneras se puede poner el cuerpo a trabajar?

Y ¿cuántos pájaros habrá (nubes, allá, collage de figuras) a lo largo del camino de carros que va desde O Alto da Pena hasta Ponte Taboada?

Un cántaro de rosas / le llevaré salvajes / bien colmado / el día que todo esto termine, y de paso a ver si ya puedo hablar un poquito con ella.

Este es el tiempo de la mudez desconsolada.

Paporrubios pardais reiseñores merlos, cantos
habará destes entre París e Compostela?

Historias relatou a veciñanza / de lobos que aos
homes mataron / da xustiza fuxidos polos montes
de Galicia.

A amiga que xa non está (bóla de nácara) era un
espiño albar.

Coas desbrozadoras limpan a pista que leva ata
o cemiterio e o cemiterio mesmo tamén o limpan
para que non se incomoden os que alí restan.

Unha inicia un traxecto por un vieiro e as horas
pasan e pasa o día e despois vén a noite coas
súas luces ou coa súa escuridade e chegas a un
punto en que te decatas de que volves estar alí
onde comezaras coma se a fin fose unha copia do
principio e a iso chamámoslle procedemento.

Pediámoslle historias da guerra, pero el sempre
respondía que era moito mellor falar de vacas.

Petirrojos pardales ruiseñores mirlos, ¿cuántos
habrá de estos entre París y Compostela?

Historias los vecinos contaron de lobos / que a los
hombres mataban / de la justicia huidos por los
montes de Galicia.

La amiga que ya no está (bola de nácar) era un
espino albar.

Con desbrozadoras limpian la pista que lleva
al cementerio, y el cementerio mismo también
lo limpian para que no se enfaden los que allí
descansan.

Una inicia un trayecto por un camino y las horas
pasan y pasa el día y después viene la noche con
sus luces o con su oscuridad y llegas a un punto
en que comprendes que vuelves a estar allí donde
habías empezado como si el final fuese una copia
del principio y a eso le llamamos procedimiento.

Le pedíamos historias de la guerra, pero él siempre
respondía que era mucho mejor hablar de vacas.

Toxos silvas carqueixas codesos espesura, por unha vereia unha vez collín / entre leiras de cereal dourado sementadas / e de papoulas vermellos campos. De repente tornouse todo fraga e tardei moito en dar saído daquela lea.

Miña irmá Marifé, que tampouco está, contaba a desgracia dun primo segundo (pedra de cuarzo con forma de tellado) que lle estourara unha ghranada na man e perdera o brazo coma Cervantes.

Raro é o día que non abro a porta do cuarto dos meus defuntos e lles pido consello para saír de calquera encrucillada, eles saben e contan moi repousados.

Non me resigno a que a miña amiga teña que pasar para o cuarto da memoria, tan noviña como era e con aquela cara e aquel pelazo.

Somos moitas as que andamos a facer preguntas todo o tempo para saber por que pasa o que pasa.

Aulagas zarzas genista codesos espesura, por una vereda una vez me entré / entre fincas de dorado cereal cultivadas / y de amapolas colorados campos. De repente se volvió todo selva y tardé mucho tiempo en salir de aquel enredo.

Mi hermana Marifé, que tampoco está, contaba la historia de un primo segundo (piedra de cuarzo con forma de tejado) al que le había explotado una granada en la mano y había perdido el brazo como Cervantes.

Raro es el día que no abro la puerta del cuarto de mis difuntos y les pido consejo para salir de cualquier enrucijada, ellos saben y cuentan muy reposados.

No me resigno a que mi amiga tenga que pasar al cuarto de la memoria, tan joven como era, con aquella carita y aquel pelazo.

Somos muchas las que andamos todo el rato preguntando para saber por qué pasa lo que pasa.

Abellas avespeiros lagartiñas saltóns, de todo se atopara nas aldeas onde a xente que volve para a casa por un carreiro ten tempo de mirar para as ribadas.

Aprendemos a fabular cando vemos cabalos entre as nubes indo ao galope alá cara a Madrid.

Dixo: *The Road is Everywhere.*

Dixo: unha vez fun abrazar o santo e pareceume que me (bugalla vermella de roseira), que me torcía a cara.

Estoupoulle na man a ghranada que atopara entre o millo, pobre rapaz.

A miña irmá Marifé, que xa non está, remataba as súas historias cantando o romance escurísimo de Delgadina.

Hai moitas maneiras de viaxar a Compostela, pero algunhas almas benditas escollen ir por camiños de cabras para de cerca gozar da fermosura do mundo silvestre.

Trepando linda unha persoa por unha corga / entre carpazas lembarme fai / o espiño albar nunha silveira en marzo / floreado.

Abejas avisperos lagartijas saltones, de todo eso se encuentra en las aldeas donde la gente que vuelve a casa por un sendero tiene tiempo de observar los ribazos.

Aprendemos a fabular cuando vemos caballos entre las nubes yéndose al galope allá para Madrid.

Dijo: *The Road is Everywhere.*

Dijo: una vez fui a darle el abrazo al santo y pensé (botoncito rojo de rosal), pensé que me torcía la cara.

Le explotó en la mano la granada que había encontrado entre el maíz, pobre chaval.

Mi hermana Marifé, que ya no está, remataba sus historias cantando el romance oscurísimo de Delgadina.

Hay muchas formas de viajar a Compostela, pero algunas almas benditas eligen hacerlo por caminos de cabras para sentir cerquita la hermosura del mundo silvestre.

Trepando linda una persona por una torrentera / entre brezo y aulagas / a recordar me lleva / un espino albar / de flores recubierto entre las zarzas.

Vermes píntegas escaravellos miñocas sapos lesmas
toupas ratos morcegos, a miña amiga a fabular
aprendera / as historias de fame escoitando / da
súa naiciña.

Un camiño é un espazo-tempo que se anda de
paso, iso sábese.

Algúns vieiros rematan en precipicio e outros
abrazando a un santo roto pola metade que mira
para outro lado.

Dixo: barranca, cantil.

Cando o netiño do xastre (doa de coral) veu a
cabeza tronzada da galiña por obra dos dentes
dunha xineta, pasou moito tempo soñando con
xinetas asasinas e espertaba espantado.

Dixo: *se hace camino al andar*, unha obviedade
chea de sentido.

Dixo: din din don.

Dixo: *ni cogeré las flores / ni temeré las fieras / y
pasaré los fuertes y fronteras.*

Orugas salamandras lombrices escarabajos
babosas topos ratones murciélagos, mi amiga
a fabular aprendiera / las historias de hambre
escuchando / de su madre querida.

Un camino es un espaciotiempo que se anda de
paso, eso se sabe.

Algunas rutas terminan en precipicio y otras
abrazando a un santo cortado por la mitad que
mira para otro lado.

Dijo: barranco, escarpadura.

Cuando el nietito del sastre (cuenta de coral) vio
la cabeza tronzada de la gallina por obra de los
dientes de una jineta, pasó mucho tiempo soñando
con jinetas asesinas y amanecía espantado.

Dijo: *se hace camino al andar*, una obviedad llena
de sentido.

Dijo: din din don.

Dijo: *ni cogeré las flores / ni temeré las fieras / y
pasaré los fuertes y fronteras.*

Corvos voitres azores aguias imperiais berronas,
todos eses e aínda máis campan vivos libres
polas vías da prata e os camiños reais mentres as
andoriñas, pobres elas, mágoa.

Andoriñas os curros protexían / para que defunto
ningún soldado / retornase nun carro de vacas.

Así eran os contos de fadas da nosa nenez, mira
que pequerrechos, mira que pouco chiste.

Dixo: *A miña melancolía no intacto lugar do
amor.*

O tempo da mudez (unha campá soando), o tempo
da mudez desconsolada é a travesía que vai do
falecemento dunha amiga ata o día en que te
conformas e lle abres o cuarto da memoria onde
acougan os teus finadiños.

Fóiselle a cor rosada da cara na hora en que o
rei das carballeiras chimpou tódolas árbores, rei
desgraciado.

Cuervos buitres azores águilas imperiales
berronas, todas esas y aún más campan vivas
libres por las vías de la plata y los caminos reales
mientras las golondrinas, pobrecitas, qué pena.

Golondrinas protegían corrales / para que difunto
ningún soldado / en un carro de vacas retornase.

Así eran los cuentos de hadas de nuestra niñez,
mira qué cortitos, mira la poca gracia.

Dijo: *Mi melancolía en el intacto lugar del amor.*

El tiempo de la mudez (una campana sonando),
el tiempo de la mudez desconsolada es la travesía
que va del fallecimiento de una amiga hasta el
día en que te conformas y le abres el cuarto de la
memoria donde descansan tus finaditos.

Se le fue de la cara el color rosado el día y hora
en que el rey de los robledales tronchó todos los
carballos, maldito el rey.

Donicelas zorros xinetas, aínda meten máis medo estes, que aparentan guapos e non fan máis ca trasnadas.

Na enciclopedia Álvarez moitas veces / da zorra e as uvas a triste fábula / teño lido / porque outra cousa para ler non había, pero non nos facía ningunha falta aprender a conformarnos coma a zorra.

Non soan igual os cantares da pega rabuda ca os cantares do reiseñor, iso tamén se sabe.

Un día dixo Guadalupe moi apracible: paren e reparen, leven os ollos ben abertos, é preciso (bagas de sabugueiro, aí, na ribada), é preciso pensar.

Hai quen cre que ao morrer retornamos a onde estabamos antes do nacemento, despois de andar e andar perdidos entre os toxos, uns máis e outros menos.

Téñolle medo a todo, Juan de la Cruz, ata as flores.

A nosa amiga linda ía polo seu camiño mirando para atrás e para os lados e para diante, e freáronlle o paso uns pistoleiros.

Comadreas zorros jinetas, aún asustan más estos, que aparentan guapos y no hacen más que barrabasadas.

En la Enciclopedia Álvarez / muchas veces leí / de la zorra y las uvas la triste fábula / porque otra cosa para leer no había, pero no nos hacía ninguna falta aprender a conformarnos como la zorra.

No suenan igual los cantares de la urraca y los del ruiseñor, eso también se sabe.

Un día dijo Guadalupe muy apacible: paren y reparen, lleven los ojos bien abiertos, es preciso (baya de saúco, ahí, en el borde), es preciso pensar.

Algunas personas creen que al morir retornamos a donde estábamos antes del nacimiento, después de andar y andar perdidos entre aulagas, unos más y otros menos.

Le tengo miedo a todo, Juan de la Cruz, a las flores también.

Nuestra amiga linda iba por su camino mirando atrás y a los lados y adelante y le cortaron el paso unos pistoleros.

Xoaniñas vacalouras bolboretas queimadas por un sol africano veñen alá do Sur e van alá para o Norte.

As xoaniñas tamén protexían as casas e traían boa sorte, pero non eran fadas senón escaravellos.

Non foi a fábula da zorra e as uvas a que nos aprendeu a conformarnos, iso sabíase de nacemento.

E esa poboación colorista que vai alá cara ao Norte e vén alá do Sur darán chegado todas a Compostela? Cando abracen o santo do corpo a medias, torcerá para outro lado?


Nena, ti miraches o mapa a ver canto falta?

Algúns camiños (cuncha de caracol, baleira, aí, na lama), algúns camiños rematan no principio.

Moitas anciás gardan unha nena no seo coma se fose ouro para ter con quen falar cando os defuntos calan.

Facían as andoriñas / no cuberto o seu niño / Na memoria aniñan / agora / dos cubertos.

A belísima amiga que xa non está non chegou a Compostela nin tivo ocasión de retornar á nenez.



Mariquitas ciervos voladores mariposas tostadas
por un sol africano vienen allá del Sur y van allá
hacia el Norte.

Las mariquitas también protegían las casas y
traían buena suerte, pero no eran hadas sino
escarabajos.

No fue la fábula de la zorra y las uvas la que
nos enseñó a conformarnos, eso se sabía de
nacimiento.

Y la población colorista que va cara al Norte y
viene del Sur, ¿llegarán todas a Compostela?
Cuando abracen al santo del cuerpo a medias,
¿torcerá la vista para otro lado?

Nena, ¿has mirado el mapa a ver cuánto falta?

Algunos caminos (concha de caracol, ahí, en el
barro), algunos caminos terminan en precipicio.

Muchas ancianas guardan en el pecho una niña
como quien guarda oro para tener con quien
hablar cuando los difuntos callan.

Hacían las golondrinas / en cobertizo el nido / En
la memoria anidan / ahora / de cobertizos.

La bellísima amiga que ya no está no llegó a
Compostela ni tuvo ocasión de retornar a la niñez.

Vagalumes cociñeiros lucecús, fachos das ribadas
para alumear aos que andan desaparecidos polos
mundos.

De noite regresando / para a casa / por un camiño
/ dos lobos a sombra / a lúa proxectaba / nos nosos
pés.

Morriamos de medo. Ninguén dicía palabra, os
lobos tampouco.

Uns algo máis e outros algo menos, perdidos
andamos todos.

Se morre un home as campás soan *din don*
para sinalar unha diferenza que nese intre
precisamente non fai falta ningunha sinalar.

Sentei nunha pedra, mirei para os lados e para
atrás e para diante.

Algunhas velliñas (badalada, lonxe) non levan no
seo a nena, perdéuselles nunha corga, criatura.

Rapaza xogando cunha boneca á beira da súa
avoa. A rapaza garda a boneca dentro da camiseta.

Dixo: *Abril é o mes máis cruel*. Errou, errou moito.

As campás soaron *din din don*, saíron as avelaíñas
dos seus recunchos e formaron a nube máis
tebrosa arredor da túa casa que fora antes a casa
da túa Nai. E do teu Pai, queridiña.

Luciérnagas candelas noctilucas, farolillos de los ribazos para alumbrar a los que andan desaparecidos por los mundos.

De noche para la casa retornando por / un camino / sombra de lobos / en nuestros pies / la luz de la luna / proyectaba.

Moríamos de miedo. Nadie decía palabra, los lobos tampoco.

Unos un poquito más y otros un poco menos, perdidos andamos todos.

Si muere un hombre las campanas suenan *din don* para señalar una diferencia que en ese momento precisamente no hace ninguna falta señalar.

Me senté en una piedra, miré atrás y a los lados y adelante.

Algunas viejitas (campanadas, lejos) no llevan en el pecho una niña, se les perdió en un desfiladero, criatura.

Chavalita jugando con una muñeca al lado de su abuela. La niña guarda la muñeca dentro de la camiseta.

Dijo: *Abril es el mes más cruel*. Error, fue un error grande.

Las campanas sonaron *din din don*, salieron las polillas de sus escondites y formaron la nube más plomiza alrededor de tu casa, que antes fue la casa de tu Madre. Y de tu Padre, queridita mía.

Pensamentos risas vágoas memoria común
pareceres, Guadalupe gravaba nas axendas
escolares dos párvulos a Historia máis triste do
noso país.

Din din don é a única noticia que temos do que
pasa alá.

Dixo a raíña da veiga: *todo o que deixo detrás,*
lévoo comigo.

Xaneiro é o mes máis cruel. Erraba, ele.

No tramo que vai do Alto da Pena á Ponte Taboada
paro a reparar nas cousas sentada nunha pedra.

De súpeto, alí entre as flores amarelas dos toxos e
a cor canela dos fentos secos, unha luzada morna.

Sinto (o solpor, case), sinto como unha man amiga
me aloumiña a cabeza e abro con moito tino a
porta do cuarto aquel coma quen abre, supoño,
un conto de fadas.

Foi unha conversa calma e longa, había moito
mundo que recompor entre as dúas.

Un ano destes aínda imos viaxar xuntas a Roma,
Lupe, non era?

As ás bateu a lavandeira alba / sobre da ramaxe
dun espiño albar / sobre da ramaxe. E así foi
como [...]

Pensamientos risas lágrimas memoria común
pareceres, Guadalupe grababa en las agendas
escolares de los párvulos la Historia más triste de
nuestro país.

Din din don es la única noticia que tenemos de lo
que pasa allá.

Dijo la reina de la vega: *todo o que deixo detrás,
lévoo comigo.*

Enero es el mes más cruel. Se equivocaba, él.

En el tramo que va de O Alto da Pena a Ponte
Taboada me paro a reparar en las cosas sentada
en una piedra.

De pronto, allí entre las flores amarillas de los
tojós y la color canela de los helechos secos, una
luzada tibia.

Siento (puesta del sol, casi) siento cómo una mano
amiga me acaricia el pelo y abro con cuidadito
la puerta del cuarto aquel como quien abre,
supongo, un cuento de hadas.

Fue una conversación tranquila y extensa,
teníamos mucho mundo que arreglar entre las
dos.

Un año de estos aún vamos a viajar juntas a
Roma, ¿no era?

Alas batió la lavandera alba / sobre la copa de un
espino albar / sobre la copa. Y así fue como [...]

Se vas a Compostela polo camiño do Norte, has de sentir que releas primitivas campas paíños faís-siense.

✱


Un coxato un pauco en os ombreiros,
todo o mundo precisa por vez
apoiarse ~~nalgunha~~ ~~en algunha~~ en algun
aínda que nebe.


Non é certo que en todas aldeas te-
ñamos avós contando fantasías
porque ~~nalgunhas~~ ~~en algunhas~~
~~nalgunhas~~ as metralletas remataran
a todos avós.

A Lupe quítahalle andar por
camiños tragosos, dicía que lle
enchían a cabeza de abraios.

HORTENSIAS AZUIS

*(el amor, si es caso,
la hija de dulcina relata)*





eses si que falan ben, dijera dulcina mirando a la TV
y a mí dírame pena, dijo, pero
no una pena de melodrama no
no una pena reneghada de poeta exquisita no
no una pena sindicalista no
no una pena nostálgica no
no una pena portuguesa no
no una pena de acelgha al sol sin aghua
ni de tojo ardiendo
ni de moza detrás de los cristales de una galería del paseo
/marítimo ollando los barcos partir
dérame pena de filla, de hija, vaia, para que se entienda
/sen tapaderas
entonces así en bajito el can sacó la lengua
empezó de arquexar y entrome mucha necesidad
/de convertirme en loba
somos como cans, dijera
menos que cans, dijera,
somos lobas, dijera
y como loba pensé de andar a tapárlleles la boca de una
/dentada a los de la TV pero quedé callada,
cadelita apocada contemplando mis dientes
desde la caseta

no fui quien de atacar
pechados los tenía

dírame pena de hija y basta
¿o no es abondo?
¿es necesario que me dea una pena diferente
social o nacional o sucinta?

iríale buscar flores
pero ya no repara en las cosas, dijo,
tendría que decirle son azuis mira
son azuis, gústante?
me dijera una vez:
las flores afoghan a los muertos
que no las quería para sí
tengo noventa y ocho

noventa y ocho años hablando por el mundo una
/lengua ruin
herdara una vida de seghundas

hortensias, mira, tienen más de mil años
son tan buenas como las de la china o las de caracas.
no, muy bien no huelen
pero el acento ¿eh? ¿el acento?
que me dices del acento de las hortensias?
a las leghuas se sabe de dónde son

ti falas ben, mamá
dijo la costurera
dijo el albanel
dijo la portera,
dijo
ti falas ben
y ¿por qué no le peghas una patada
a la botella que para eso todavía
tienes furia?
escachízala!
seghabas la hierba seca con aquel aire,

fiiuuuu, la onda larghísima
criabas por ighual animales y nenes

muriose antes de la gran crise.
la casa, los carneritos,
y hasta los pendientes que le reghalara
un amor que tivo en caracas
cuando la diáspora
se lo robaran todo


una mághoa verla en la caja
con las orejas al aire
y una esquela en el jornal escrita en una lengua
ruin


noventa y ocho años hablando por el mundo una
/lengua ruin
herdara una vida de seghundas



A CASA DA LINGUA

(epílogo)





No mundo que habitamos, que poesía faremos que non sexa silencio, esquecemento, banalidade? Para onde mirará a nosa escrita? De que xeito nos vai axudar a construírnos? Ela, que ningún poder ostenta, tampouco non se resigna a quedar quieta, por puro sobrevivir. Unha das cousas que pode a poesía facer é *okupar* a lingua. A poesía pode *okupar* a casa da lingua (da linguaxe, mellor?) consciente de que se trata dun espazo do común. Ocupar para que entre xente, para crear comunidade, abrir portas aos que non lles teñen dado entrada nesa casa de todos argumentando que a lingua non lles pertence porque “non a dominan”, “non a controlan”. *Dominar, controlar*, que lles parece?

As diferentes casas lingüísticas (sería mellor dicir *casas das linguaxes*?) atópanse unhas coas outras, parede con parede. Á casa propia sáenlle cobertizos, palleiras, galiñeiros, galpóns. Cabemos entón os da nosa lingua e os de outras, visitantes, inmigrantes, refuxiados, seseantes, pobres, políglotas... Acoller non debería ser o problema. En cambio faría falta organizar a nosa experiencia individual e colectiva, e a nosa enerxía, individual e colectiva, tamén como poetas, para dirixilas nun sentido que contribúa a acabar coas estruturas de dominación que colonizan as casas das linguas. Non falo só de linguas colonizando outras linguas, estou pensando en estruturas de dominación lingüística que colonizan as vidas dentro de cada lingua. Elas son, dito sexa de paso e coma quen non quere a cousa, as mesmas estruturas de dominación que colonizan as Economías, as Sanidades ou as Educacións. Son as mesmas estruturas de dominación que deciden a desigualdade social global.

A poesía veu para crear conflitos dentro da lingua, para esbardallar as súas normalidades. Hai poesía sen axitación lingüística? E non se trata dun capricho senón de aclarar os sentidos ocultos que a transparencia lingüística da lingua estándar, calquera que sexa esa lingua estándar, nos escamotea. Pensemos, por poñer un exemplo ben simple, no sentido posible da tradución de *as árbores* por *las árboles* (a poesía permítenos unha cota de liberdade tan grande que só por iso habería que estarlle agradecida de por vida): hai conflito aí, hai revolta, destápase algo que quería quedar invisible. Pero as linguas non teñen vontade, hai alguén por encima delas que se encarga de ocultar ou iluminar según lle convén.

Situarse nunha fronteira é como irse a un lugar onde escribir máis libremente. No meu caso, esta fronteira, social, lingüística, é un lugar, un lugar, onde traballei a terra con esforzo, con cansazo e con dor; onde coidei animais con traballo, amor e gratitude; onde enfornei o pan con ancestral consello e comín con fame de posguerra; onde aprendín e falei a lingua consciente de que era a lingua dos pobres. A dos ricos, o castelán, falabámola poucas veces e non moi academicamente. Chamabámoslle despectivamente “castrapo”, convencidos da nosa “torpeza”. Non hai idealización na memoria nin a hai no presente. Era unha vida case imposible. A de hoxe tamén deixa moita ruína detrás.

A min paréceme que cando escribimos sabemos que estamos construíndo un artefacto que conta con nós un pouquiño, só un pouquiño, pois dirixe o noso traballo cara a obxectivos moitas veces imprevistos. Todo canto


in-corpo-ramos ao longo da vida sae sen pedir permiso nin moito consultar. Sae máis do que pensabamos que estaba saíndo. Se cadra tamén sae menos do que pensabamos. Ou sae outra cousa, un debuxiño raro. Nos cruzamentos entre dúas linguas, prodúcense estrañas aparicións que a poesía pode incendiar para que salte ao cabo a chispa doutra harmonía. O poema manda e é quen de usar as dúas linguas e de inventar, pois estamos nun lugar sen lei. Haberá poesía sen invención de linguaxe?

As linguas normativizadas impoñen demasiadas decisións, obrigan, dirixen. Son fortes instrumentos de poder. E o poder, iso sábese, aprópiase da palabra, faina brandiña, dúctil, para que obedeza os seus mandados, pona ao seu servizo. Algunhas poéticas, ao utilizaren esas linguas sen sometelas a conflito ningún, vólvenas transparentes, consiguen que o lector non as vexa. Así tampouco se ve o que elas se encargan de agochar con moito coidado e con moitos intereses. Non sei, non sei se habería poesía sen axitación lingüística. Non sei.

Si quieres leer
una versión en castellano
de “La casa de la lengua”:



<https://cartoneradelescopiazul.blogspot.com/2021/04/la-casa-de-la-lengua-luz-pichel.html>



Dedicatorias:

din din don es para Guadalupe Grande Aguirre.

hortensias azuis es para mi nieto Nicolás y mi nieta Luz.

Agradecimientos:

A Anxo Pastor, por tantas cosas.

A Javier Gil Martín, por los cuidados.

din din don

y más

Hortensias azuis

de Luz Pichel,

con ilustraciones de Anxo Pastor,

es el quinto libro

de Cartonera del escorpión azul,

un proyecto

de Producciones Demicasa,

Asociación Poética Caudal,

Errantía y Planeta Clandestino.

Se terminó de manufacturar

en septiembre de 2021 en Madrid.


ejemplar número

182

Colaboran:



Ayuntamiento de Madrid



LIBROS
DE CARTONERA DEL ESCORPIÓN AZUL

1 - *Voces de un cuerpo*, de Giovanni Collazos
(nota de Cristina Elena Pardo,
fotografías de Jorge Coco Serrano)

2 - *Cavalo Morto*,
de Lêdo Ivo y Juan Carlos Mestre
(edición bilingüe;
ilustraciones y caligrafía
de Juan Carlos Mestre)

3 - *15 filos*, de Olga Muñoz Carrasco
(intervenciones y portada de Chilis Cubeiro)

4 - *Imágenes nucleares y otros poemas*,
de Óscar Hahn
(ilustraciones de Manolo Marcos,
selección de los otros poemas y nota
de Sergio Laignelet)

5 - *din din don* y más *hortensias azuis*,
de Luz Pichel
(ilustraciones de Anxo Pastor)

6 - *999 palabras*, de Víktor Gómez
(ilustraciones de Enrique Cabezón,
notas de Benito del Pliego y Lola Andrés)



Ayuntamiento de Madrid

AYUNTAMIENTO DE MADRID



1401851424



Ayuntamiento de Madrid